



MEMORIA ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA (CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO) E A ASOCIACIÓN DE EDUCACIÓN AMBIENTAL E DO CONSUMIDOR (ADEAC) PARA BANDEIRAS AZUIS

A Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, establece que cada convenio irá acompañado dunha memoria en cumprimento do cal redáctase a presente.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de conservación, protección, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, divulgación dos valores do patrimonio natural, xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos singulares da xea da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolvemento e dinamización do uso público e recreativo do medio natural e promoción e defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o desenvolvemento sostible do turismo e unha xestión ambiental no conxunto do litoral, o que conleva a unha conservación das áreas naturais litorais.

A campaña Bandeira Azul para praias desenvólvese por unha organización non gobernamental, sen ánimo de lucro, a “Fundación para a Educación Ambiental (FEE)”. Esta campaña comeza en Francia no ano 1985, e esténdese en Europa dende 1987. Posteriormente difundíuse máis aló do continente europeo cando, a partir do ano 2001, se une Sudáfrica. Actualmente, uns 40 países en catro continentes participan en Bandeira Azul. A campaña esforzase en promover o desenvolvemento sostible das zonas litorais, a través da esixencia duns estándares elevados en calidade das augas de baño, a seguridade, a xestión ambiental e a educación para a sostibilidade.

A Fundación para a Educación Ambiental (FEE) está constituída por unhas 40 ONG (Organizacións Non Governamentais ou agrupacións destas), unha por cada estado participante. ADEAC (Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor), formalizada legalmente en 1984, é o membro fundador e responsable para España da FEE.

A campaña Bandeira Azul é convocada anualmente por esta organización, participando a Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 1987 ininterrompidamente.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con ADEAC o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comprende a campaña para o ano 2017, e en todo caso ata o 15 de outubro de 2017.

O convenio ten por obxecto o desenvolvemento da Campaña Bandeira Azul 2017 en Galicia.

VALORACIÓN ECONÓMICA

A CMAOT achegará á finalidade deste convenio a cantidade de 40.000,00 € (Corenta mil euros), que se financiará con cargo á partida orzamentaria 07.04.541B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

De acordo co previsto no artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia, unha vez rematadas as actuacións deberá xustificar perante a CMAOT o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.

Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividades subvencionables e se realicen durante o período de vixencia do



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, E
ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Dirección Xeral de Conservación da
Natureza

galicia

presente convenio. Para estes efectos, antes do 15 de outubro de 2017, ADEAC achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas.

Os pagamentos e as xustificacións dos gastos axustaranse ao disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A achega económica asumida pola Consellería cubrirá os seguintes fitos e custo económico para os traballos a realizar:

CONCEPTO	IMPORTE
Elaboración e/ou actualización documentación programa Bandeira Azul 2017	3.000 €
Xestión Campaña Bandeira Azul 2017: remisión, recepción, tramitación e avaliación cuestionarios.	14.000 €
Elaboración de informes e memoria das candidaturas. Memoria técnica.	3.200 €
Inspeccións cumprimento de criterios.	10.100 €
Asesoramento e tramitación de queixas e suxestións.	7.100 €
Material informativo e divulgativo.	2.600 €
TOTAL CONVENIO	40.000 €

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2016
A Directora Xeral de Conservación da Natureza

Ana María Díaz López